CSC	<ul style="list-style-type: none"> - Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. - Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. - Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase. - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. - Demostra un nivel de autoconfianza axeitado ás súas capacidades. - Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. - Participa activamente nas actividades propostas, buscando unha mellora na súa competencia motriz. - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. - Acepta formar parte do grupo que lle corresponde e o resultado das competicións con deportividade. - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase, - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. - Recoñece os dous tipos de respiración. - Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado. - Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. - Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento. - Mellora a súa eficacia nas respostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo. - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. - Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixos corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais, - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. - Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incerteza. - Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. - Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. - Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. - Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras. - Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas. - Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, cantidade/calidade dos alimentos, etc.). - Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. - Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para a saúde. - Realiza os quecementos de forma autónoma. - Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. - Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo e nun compañeiro. - Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación Física. - Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento con certa autonomía. - Consolida o uso dos recursos axeitados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. - Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. - Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. - Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. - Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e actividades deportivas. - Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. - Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural. - Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. - Toma de conciencia dos esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. - Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles. - Mellora a súa eficacia nas respostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo. - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. - Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. - Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde. - Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para a saúde. - Realiza os quecementos de forma autónoma. - Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da sesión de Educación Física. - Consolida o uso dos recursos axeitados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.

CCEC	<ul style="list-style-type: none"> - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. - Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixos corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais, - Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. - Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. - Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. - Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras. - Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. - Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
-------------	--

6. METODOLOXÍA

Aspectos xerais

Cando se propón unha programación didáctica baseada no xogo, hai varias posibilidades para construíla:

- Partir dos obxectivos, atendendo ós niveis de concreción. Este plantexamento consiste en elixir determinados obxectivos para un determinado curso ou toda unha etapa, e, a través da posta en práctica e desenvolvemento de Unidades Didácticas e sesións, acadalos.
- Construír un plantexamento didáctico en torno a contidos. Unha vez escollidos os contidos a desenvolver escóllense o xogo ou os xogos que mellor representen a presenza dos mesmos.
- Construír unha programación a partir dos materiais instrumentais. Ningún material é imprescindible para levar a cabo o proceso de aprendizaxe.
- Construír unha programación en torno ás actividades, posto que a propia actividade leva implícitos uns obxectivos e uns contidos.
- Construír o noso plantexamento en base ás Competencias Básicas. Para conseguilo, debemos tomar en consideración a totalidade das mesmas e, partindo delas, elixir os contidos que mellor axuden a desenvolverlas. Por último, seleccionaremos os obxectivos que estean vinculados a cada unha delas e, finalmente, os criterios de avaliación e estándares relacionados con cada un deses obxectivos.

Loxicamente, toda programación debe ser redefinida e os escenarios de aprendizaxe modificados. Todas as áreas deberán incluír as dimensións competenciais, o que provoca un plantexamento globalizado, por proxectos, dende a Educación infantil.

Posiblemente estes cinco plantexamentos estean tan relacionados entre si que non se poida levar a cabo un sen contemplar todos.

O que se pretende nesta programación didáctica basease nos contidos a desenvolver, pero sen descoidar os demais.

Os contidos do bloque 6 (xogos e actividades deportivas) tómase como eixo de toda a fundamentación pedagóxica do proxecto, pretendendo que todas as sesións sexan, polo menos parcialmente, unha aventura motriz na que o alumnado participe, goce e progrese de maneira lúdica. Por este motivo, este Bloque está presente en todas e cada unha das sesións.

Educar a través do xogo aporta innumerables posibilidades. Zapata indica: “O xogo infantil é medio de expresión, instrumento de coñecemento, factor de socialización, regulador e compensador da afectividade, un efectivo instrumento de desenvolvemento das estruturas do movemento; nunha palabra, resulta medio esencial de organización, desenvolvemento e afirmación da personalidade. Basta recordar que a actividade vital do neno é o xogo para comprender que, ben orientadas, as aprendizaxes escolares se poderán acadar por medio dos xogos motores, adquirindo aprendizaxes significativas que permitirán desenvolver os factores cognitivos, afectivos e sociais”.

O xogo é, entre moitas outras cousas: descubrimento, desenvolvemento da intelixencia, desenvolvemento motor, convivir, educarse en valores, emocionarse..., pois ante todo é aprendizaxe.

Estratexias metodolóxicas

Esta programación basease fundamentalmente en estilos ou métodos globalizados.

Tómase como base a “resolución de problemas”, con estilos participativos, cooperativos e cognitivos, levando a cabo tarefas tanto individuais como de pequeno e grande grupo.

Polo tanto, as propostas buscarán que o alumnado teña que empregar todos os recursos aprendidos ata o momento, para resolver a tarefa que presentamos.

Seguiranse as seguintes estratexias metodolóxicas:

- **Contextualización das aprendizaxes:** relacionar as aprendizaxes coa vida cotiá, vincular estes aprendizaxes co contorno do alumnado, incorporar as súas vivencias e experiencias no ámbito sociocultural ó proceso de aprendizaxe, aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas polo contacto coa aula e fora dela, e potenciar a intervención doutros profesionais na aula en actividades relacionadas con tarefas que se desenvolven no entorno.
- **Emprego de diferentes estratexias metodolóxicas, con especial relevancia do traballo a partir de situacións-problemas:** potenciar a autonomía do alumnado, de tal maneira que sexan capaces de tomar decisións sobre a súa propia aprendizaxe; ser receptivo ós puntos de vista do alumnado en canto a temas, propostas, aspectos para o debate...; propor tarefas relacionadas coa resolución de problemas reais en contextos auténticos que reflictan a súa funcionalidade para outras situacións, etc.
- **Fomento dun clima escolar de aceptación mutua e cooperación:** faise necesario un clima escolar axeitado que proporcione ó alumnado seguridade, benestar e confianza; que potencie o seu autoconcepto, autoestima, competencia persoal e social, confianza en si mesmo e nos demais; que favoreza a interacción en grupos heteroxéneos e a mediación e resolución de conflitos. Así mesmo, débese potenciar un clima de participación, colaboración e respecto entre o alumnado e entre este e o profesorado. O coñecemento de si mesmo e dos demais é, ademais, a base para unha relación axeitada co contorno.
- **Enriquecemento dos agrupamentos na aula e potenciación do traballo colaborativo entre alumnado e profesorado e entre o propio alumnado:** os agrupamentos xogan un papel moi relevante. O alumnado desenvolve diferentes capacidades en función do tipo de agrupamento no que se atope. É, polo tanto, necesaria unha diferente organización física da aula en función da actividade e do tipo de agrupamento. Nese senso, pódense por en marcha, entre todos, o traballo individual, por parellas, en pequeno e grande grupo, asembleas...
- **Busca, selección e elaboración de materiais curriculares diversos:** o profesorado debe implicarse, coa colaboración do alumnado, na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados ós distintos niveis e ós diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.

Exemplo de secuenciación de traballo na aula

Motivación e quecemento:

- Adaptación do organismo para o exercicio físico a través de actividades lúdicas e motivadoras para o alumnado (xogos de persecución, con intensidade crecente).

Parte principal:

- Explicación ao alumnado dos obxectivos que se perseguen coa sesión.
- Realización das actividades propostas.

Volta á calma:

- Exercicios de baixa intensidade, para recuperar a situación basal do organismo.
- Alongamentos, para previr lesións.
- Posta en común dos exercicios realizados na sesión, intercambio de impresións.

Avaliación:

- Observación durante a sesión.
- Anotación no rexistro anecdótico.

- **Outras decisións metodolóxicas**

- Agrupamentos: Actividades individuais, por parellas, en pequeno e en grande grupo.

7. AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Data prevista de realización

Segunda quincena de setembro.

Proba

Test de habilidades básicas, de capacidades coordinativas e de condición física, adaptados á idade do alumnado.

Mecanismo para informar ás familias

Non se contempla.

Consecuencias dos resultados da proba

Modificacións oportunas na programación de aula

Avaliación continua

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Non se contemplan

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo,...)

Non se contemplan.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

O grao de consecución dos estándares a través da observación directa e sistemática. Rexistro anecdótico.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo,...)

Ponderación.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada

Non se contemplan.

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

Reforzo dos contidos non acadados.

Criterios de promoción

A decisión de promoción realízase nos cursos 2º, 4º e 6º de Educación Primaria polo que a promoción será automática nos cursos 1º, 3º e 5º de Educación Primaria. Así mesmo terase en conta se o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos do curso é o axeitado para promocións.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- Revisarase trimestralmente

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none">• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.<ul style="list-style-type: none">a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.b) Espazos diferenciados.c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.• Desdoblamento de grupos.• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.	<ul style="list-style-type: none">• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.• Programa específico para alumnado repetidor da materia.• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización. • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Organizadas polo concello. O alumnado ten á súa disposición diversidade de deportes e actividades físicas.

12. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

CENTRO: CEIP DE AGOLADA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN FÍSICA



CURSO: 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CENTRO: CEIP de AGOLADA

ANO ACADÉMICO: 2021/2022

ÍNDICE

1. GLOSARIO	3
2. CONTEXTO.....	5
• Centro.....	5
• Alumnado:.....	5
• Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado).....	5
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	6
4. RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	13
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	20
6. METODOLOXÍA.....	23
• Outras decisións metodolóxicas	25
7. AVALIACIÓN	25
Avaliación continua	26
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	26
Indicadores de logro do proceso de ensino	26
Indicadores de logro da práctica docente.....	27
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	28
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	29
Medidas ordinarias e extraordinarias	29
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	30
12. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	31

1. GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar “ o valor ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a.
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliáveis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliáveis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).

Nivel de desempeño das competencias	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: XHB1.1.2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

No portal de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce>) están dispoñibles, en formato doc e desagregados por áreas:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

2. CONTEXTO

- **Centro:**

Situación: Avenida de Iryda nº 20, 36520, Agolada-pontevedra

Centros adscritos:

Ensinanzas que oferta o centro: Educación Infantil, Educación Primaria.

Características singulares

- **Alumnado:**

Poboación inmigrante:

Alumnado con NEAE no curso actual:

Outras características:

- **Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)**

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

CONTIDOS COMÚNS A TODAS AS UNIDADES		Bloque B1	Contidos				
		BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS					
		B1.1	Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.				
		B1.2	Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica dos xogos e outras actividades físicas.				
		B1.3	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.				
		B1.4	Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.				
		B1.5	Utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información relacionada coa área.				
		B1.6	Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.				
		B1.7	Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.				
		B1.8	Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación Física.				
		B1.9	O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.				
		B1.10	Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.				
		B1.11	Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.				
1ª AVALIACIÓN		UNIDADES DIDÁCTICAS			Material de ref. (libro de texto, outros...)	Temporalización	
		UD	Bloque B2	Contidos		Mes	Sesións
1: HIXIENE, SAÚDE E CONDICIÓN FÍSICA		BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				Set. / Out.	11
		B2.1	Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.				
		B2.2	Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.				
		BLOQUE 3: HABILIDADES MOTRICES					
		B3.1	Adaptación e execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.				
		B3.4	Control e dominio corporal dende unha formulación previa á acción.				
		B3.5	Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.				
B3.8	Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.						

	Bloque B5	BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
	B5.1	Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).			
	B5.2	Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica de prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adición ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco e alcohol ...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.			
	B5.3	Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e de recuperación, necesarios para previr lesións.			
	B5.4	Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvementos psicobiolóxico.			
	B5.5	Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.			
	B5.6	Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.			
	Bloque B6	BLOQUE 6: XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
	B6.5	Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e predeportes. Recoñecer a valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos ...) para adaptalas ás necesidades do grupo.			
	2: COORDINACIÓNS	Bloque B3	BLOQUE 3:HABILIDADES MOTRICES		
B3.1		Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.			
B3.2		Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.			
B3.4		Control e dominio motor e corporal dende unha formulación previa á acción.			
B3.6		Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.			
B3.7		Valoración do esforzo e o traballo ben executado dende o punto de vista motor como base para a propia superación.			
B3.8		Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.			
Bloque B5		BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
B5.4		Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.			
Bloque B6		BLOQUE 6: XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
B6.2	Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.				
3: XIMNASIA	Bloque B2	BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN			
	B2.3	Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.			
	Bloque B3	BLOQUE 3: HABILIDADES MOTRICES			
	B3.1	Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.			
	B3.2	Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.			
	B3.3	Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan a toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.			
B3.4	Control e dominio motor e corporal dende unha formulación				
			Out. / Nov.	11	
			Nov. / Dec.	9	

		previa á acción.			
	B3.6	Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.			
	B3.7	Valoración do esforzo e o traballo ben executado dende o punto de vista motor como base para a propia superación.			
	B3.8	Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.			
	Bloque B5	BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
	B5.4	Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.			
	B5.6	Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.			
	Bloque B6	BLOQUE 6: XOGOS E DEPORTES			
	B6.5	Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en deportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos ...) para adaptalas ás necesidades do grupo.			

		UNIDADES DIDÁCTICAS		Material de ref. (libro de texto, outros...).	Temporalización	
UD	Bloque B2	Contido			Mes	Sesións
2ª AVALIACIÓN	4: INICIACIÓN AO BALONMÁN		BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN			
		B2.3	Autonomía Persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.			
		Bloque B3	BLOQUE 3: HABILIDADES MOTRICES			
		B3.1	Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.			
		B3.4	Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.			
		B3.7	Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.			
		B3.8	Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.			
		Bloque B5	BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
		B5.1	Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).			
		B5.3	Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.			
		B5.5	Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.			
		Bloque B6	BLOQUE 6: XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
		B6.1	Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionados coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.			
		B6.2	Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.			
B6.3	O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.					
				Xan.	8	

	B6.5	Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos, ...) para adaptalas ás necesidades do grupo.			
	B6.6	Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionados coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.			
5: BÁDMINTON	Bloque B2	BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN			
	B2.3	Autonomía Persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.			
	Bloque B3	BLOQUE 3: HABILIDADES MOTRICES			
	B3.1	Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.			
	B3.4	Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.			
	B3.7	Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.			
	B3.8	Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.			
	Bloque B5	BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
	B5.1	Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).			
	B5.3	Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para prever lesións.			
	B5.5	Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.			
	Bloque B6	BLOQUE 6: XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
	B6.1	Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionados coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.			
	B6.2	Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.			
	B6.3	O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.			
	B6.5	Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos, ...) para adaptalas ás necesidades do grupo.			
B6.6	Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionados coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.				
6: INICIACIÓN AO ATLETISMO	Bloque B2	BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN			
